

O SERGAS pon en marcha a prescrición enfermeira nunha atención primaria sobrecargada sen dotación de persoal

CIG-Saúde denuncia a falta de planificación e a improvisación por parte da Consellería de Sanidade

O SERGAS anunciou a través da prensa que a partir do mes de outubro estará habilitada a dispensación de medicamentos relacionados coa hipertensión, diabetes ou queimaduras.

CIG-Saúde celebra que o SERGAS avance no desenvolvemento da profesión enfermeira, mais o primeiro que precisa a profesión para desenvolverse é **aumento na dotación de persoal**.

Coa dotación actual das/os enfermeiras/os dos centros de saúde é inviable asumir máis carga de traballo. O SERGAS non pode seguir obviando as necesidades de incremento de profesionais e sobrecargar máis a unha categoría que xa está pedindo auxilio.

É frecuente a **implantación de programas, protocolos...** por parte do SERGAS, sen que isto vaia acompañado dunha dotación orzamentaria en materia de persoal. Cada vez que medra a carteira de servizos e se ofrece á poboación unha nova prestación e/ou servizo, nunca vai acompañado cunha dimensión do traballo e coa dotación de persoal necesaria, é dicir, **sae gratis**.

CIG-Saúde esixe tamén ao SERGAS que a **implantación destes protocolos leven consigo un programa formativo** dentro da xornada laboral, xa que os profesionais necesitan tempo, dentro da súa xornada, para estudar e desenvolver os protocolos que se pretenden implantar.

O SERGAS debera de ter no seu cadro de mando unha **Subdirección Xeral de Enfermería** que planificara todo o relacionado cos cambios que se van facer, que contara cas/os profesionais que van a realizar este traballo, e deixarse xa de titulares de prensa que lonxe están de axudar a desenvolver a profesión, e o que fan é poñela en cuestión.

É necesario avanzar na profesión enfermeira, polo que É URXENTE INCREMENTAR a dotación de persoal!!